



CIRCULAR 2/2004 DA DIRECCIÓN XERAL DE OBRAS PÚBLICAS.

1. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Por parte desta Dirección Xeral vense observando a existencia de solicitudes de redacción de proxectos modificados que obedecen a diversas causas sobrevidas unha vez adxudicadas as obras entre as que se atopan, de xeito non limitativo, a aparición de circunstancias novas non contempladas no proxecto, a existencia de erros no proxecto redactado e aprobado, os cambios de criterio no deseño por parte da Dirección Facultativa fronte ó empregado no seu momento polo proxectista, as peticións dos responsables municipais, etc...

Tendo en conta que a xestión orzamentaria é cada vez máis complicada, así como que as folganzas nos orzamentos non nos permiten absorber sobrecostos nas actuacións, é polo que se dicta a presente instrucción, que en definitiva pretende afondar no cumprimento estricto da Lei de Contratos das Administracións Públicas, así como do seu Regulamento Xeral de desenvolvemento.

Co cumprimento estricto da presente instrucción preténdese regular e ordenar a tramitación dos proxectos modificados e/ou complementarios que sexan imprescindibles, garantindo a súa tramitación en tempo e forma.





2. DA IDENTIFICACIÓN DA NECESIDADE DUNHA MODIFICACIÓN DE OBRA:

Unha vez adxudicado calquera contrato de obra, o primeiro labor que, con carácter inmediato, debe realizar o Director da obra, xunto coa asistencia técnica en caso de estar designada, é a análise do proxecto e a identificación dos posibles problemas e/ou incidencias que podan xurdir. Nesta análise deberase prescindir dos criterios de deseño e conceptuais que pertencen de xeito exclusivo ó ámbito competencial da Subdirección Xeral de Estradas e a propia Dirección Xeral de Obras Públicas.

Ó longo da execución da obra, de xeito inmediato á identificación da necesidade de proceder á redacción dun proxecto modificado e/ou complementario, débese proceder ó seu traslado á superioridade, identificando de forma aproximada a magnitude económica da incidencia. Con esta medida preténdese evitar que, ó obxecto de recoller tódalas posibles incidencias, as solicitudes de redacción do proxecto modificado se demoren no tempo xerando problemas de todo tipo.

Tal e como recolle o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas no artigo 146 e seguintes, no caso en que a modificación supoña a execución de novas unidades de obras non previstas, non se poderá iniciar a execución das unidades correspondentes do proxecto modificado ata que estea cumprimentada





a tramitación do correspondente expediente, e, en todo caso, ata contar coa conformidade da Subdirección e da Dirección Xeral.

Este mesmo proceder realizarase en caso de incrementos de medicións que modifiquen a previsión do proxecto en máis do 5 %.

3. DA TRAMITACIÓN DAS INCIDENCIAS.

Unha vez recibida na Dirección Xeral a solicitude fundamentada de redacción do correspondente proxecto modificado e/ou complementario, por parte da Subdirección Xeral de Estradas procederáse a recabar informe sobre a referida petición ó enxeñeiro autor do proxecto, que analizará a mesma así como as causas que orixinaron as incidencias, emitindo un informe ó respecto da xustificación e necesidade da modificación e/ou o complementario.

En ningún caso se poderá avanzar na tramitación do expediente correspondente sen que se emitira o informe sinalado.

Unha vez acreditada a necesidade de acometer a modificación proposta, así como que a mesma débese a circunstancias sobrevidas, por parte da Dirección Xeral de Obras Públicas autorizaráse a redacción do correspondente proxecto, que deberá sustanciarse no prazo máis breve posible e por un importe que non poderá superar o máximo autorizado.





4. ENTRADA EN VIGOR:

Esta orde circular será de obrigado cumprimento a partir do vindeiro 1 de xullo de 2004.

Santiago de Compostela, a 25 de xuño de 2004.

O DIRECTOR XERAL,



Asdo. Agustín Hernández Fdez. de Rojas.